



Cofinanciado por
la Unión Europea



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE PUBLICAN AS LISTAXES DEFINITIVAS DE SOLICITUDES SELECCIONADAS E EXCLUÍDAS NO MARCO DA CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A ASISTENCIA E PARTICIPACIÓN NO CURSO INTENSIVO COMBINADO (BIP), *COLLABORATIVE ONLINE INTERCULTURAL WORKSHOP: INTERNATIONAL MARKET RESEARCH FOR SMALL COMPANIES*, NO MARCO DA ACCIÓN DE MOBILIDADES DE CURTA DURACIÓN DO PROGRAMA ERASMUS+

O 14 de xullo de 2024 publicouse a convocatoria de axudas para a asistencia e participación nun curso intensivo combinado (BIP) titulado "*Collaborative Online Intercultural Workshop: International market research for small companies*".

O 5 de setembro de 2024 publicáronse as listaxes definitivas de solicitudes admitidas e excluídas. De acordo co previsto no artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e rematado o prazo de presentación de emendas, esta reitoría

RESOLVE:

1. Publicar a listaxe definitiva de solicitudes seleccionadas no Anexo I.
2. Publicar a listaxe definitiva de solicitudes excluídas no Anexo II.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data da sinatura electrónica
O REITOR,
Por delegación R.R. do 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)
A Vicerreitora de Internacionalización

María Isabel Del Pozo Triviño